

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 25 de maio de 2009, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se amplía o crédito inicial das axudas económicas dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego.*

A Resolución do 24 de novembro de 2008, que regula as axudas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 234, do 2 de decembro de 2008, establece as bases para a concesión destas subvencións.

O artigo 3 desta resolución identifica a contía inicial dos créditos destinados a financialas, sen prexuízo de posteriores modificacións orzamentarias. Así, existindo dotacións dispoñibles para esta finalidade, cómpre ampliar o importe dos créditos inicialmente asignados coa finalidade de manter esta acción de fomento en niveis adecuados.

Polo exposto e tendo en conta as áreas de competencia adscritas funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galicia, artigo único, punto 3 e disposición transitoria segunda do Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Ampliar o importe da contía máxima dos créditos destinados a dar cobertura orzamentaria á Resolución do 24 de novembro de 2008 pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego, en novecentos mil euros (900.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.151A.470.0.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida resolución para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Alfonso Cabaleiro Durán  
Secretario xeral de Medios

*Resolución do 25 de maio de 2009, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se amplía o crédito inicial das axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.*

A Resolución do 21 de novembro de 2008, que regula as axudas a empresas xornalísticas e de

radiodifusión publicada no DOG nº 234, do 2 de decembro, establece as bases para a concesión destas subvencións.

O artigo 3 desta resolución identifica a contía inicial dos créditos destinados a financialas, sen prexuízo de posteriores modificacións orzamentarias. Así, existindo dotacións dispoñibles para esta finalidade, cómpre ampliar o importe dos créditos inicialmente asignados coa finalidade de manter esta acción de fomento en niveis adecuados.

Polo exposto e tendo en conta as áreas de competencia adscritas funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galicia, artigo único, punto 3 e disposición transitoria segunda do Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Ampliar o importe da contía máxima dos créditos destinados a dar cobertura orzamentaria á Resolución do 21 de novembro de 2008 pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, en dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.151A.470.1.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida resolución para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Alfonso Cabaleiro Durán  
Secretario xeral de Comunicación

*Resolución do 27 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.*

A incorporación á Unión Europea e a existencia dun espazo único dentro dela con fronteiras compartidas de cara ao exterior e liberdade de circulación dentro do seu territorio dá lugar á consideración dun novo status supranacional e, desde a perspectiva comunitaria, de persoas inmigrantes de países extracomunitarios.

Este status administrativo supón, en moitos casos, que persoas de fóra da Unión Europea se vexan en

determinadas situacións que precisan de asistencia desde un punto de vista de acollida e integración no territorio comunitario.

O Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración 2008-2011, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en febreiro de 2008, inclúe trece obxectivos, con liñas de actuación e accións concretas. A través desta resolución de axudas, deses trece obxectivos incídese en accións que afecten tres obxectivos que son acollida, saúde e muller.

Por outra banda, a Administración pública do Estado e as comunidades autónomas, elaboraron no ano 2005 un marco de cooperación para a xestión do Fondo de Apoio á Acollida e a Integración de Inmigrantes así como o seu Reforzo Educativo, para que, con fondos das administracións autonómicas e do Estado, se realicen accións de acollida e integración de inmigrantes extracomunitarios. No ano 2009, un novo marco de cooperación define os eixes de actuación en que se enmarcan as liñas de acción que deben desenvolver as comunidades autónomas en acollida e integración da poboación inmigrante.

Dentro deste marco dáse cabida a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades e accións a prol da integración dos inmigrantes extracomunitarios. Neste ámbito, no ano 2006 publicouse por primeira vez unha resolución pola que se regulaba a concesión de axudas, en concorrencia competitiva, a este tipo de entidades para a realización de proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega.

No ano 2009, seguindo a liña iniciada no ano 2006, volve publicarse unha resolución de axudas dirixidas a estas entidades sen ánimo de lucro, adaptando os eixes e programas ao acordado no marco de cooperación para o ano 2009 examinado pola Conferencia Sectorial da Inmigración o 10 de febreiro de 2009.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura á Secretaría Xeral da Emigración como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en política migratoria en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral da Emigración a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Esta convocatoria, ademais das bases establecidas nela, adáptase ao disposto na normativa de aplica-

ción, especialmente á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

O financiamento das axudas previstas nesta resolución de convocatoria farase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias 04.50.312C.481.0 e 04.50.312C.781.0 que figuran na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que me confire a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto da resolución é regular os requisitos e condicións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

##### Artigo 2º.-*Requisitos das entidades solicitantes.*

1. As subvencións que se convocan mediante esta resolución poderán ser solicitadas por aquelas entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, que cumpran, na data do remate do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1.1. Estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo.

1.2. Desenvolver actuacións que favorezan a integración do colectivo inmigrante na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3. Dispoñer de estrutura e capacidade suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos.

1.4. Non incorrer en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións, enumeradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.5. Ter xustificadas as subvencións concedidas por este departamento no ano 2008.

2. As entidades que teñan subscrito algún convenio coa Secretaría Xeral da Emigración poderán igualmente presentar solicitudes de subvención ao abeiro desta resolución, sempre que as actuacións propostas sexan distintas ou complementarias a aquelas obxecto de financiamento a través dos convenios en vigor.

3. Os solicitantes deberán manter os requisitos exigidos durante todo o exercicio económico para o que se concede a subvención.

4. Non poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades de dereito público, as universidades, os partidos políticos, as sociedades civís, asociacións profesionais ou empresariais, os colexios profesionais e outras entidades con análogos fins ou natureza ca os citados, agás as organizacións sindicais.

Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas entidades que resultasen beneficiarias de subvención concedida ao abeiro da Resolución de 26 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes para o ano 2009.

#### Artigo 3º.-Orzamento.

1. A concesión de axudas previstas nesta resolución de convocatoria farase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias 04.50.312C.481.0 (522.958 €) e 04.50.312C.781.0 (40.000 €), que se inclúen nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, quedando condicionada a concesión destas axudas ao dito límite orzamentario.

2. A contía total subvencionable para gastos correntes distribuirase polos eixes indicados no artigo 5, coa seguinte distribución:

-Eixe de acollida: 310.000 €.

-Eixe de saúde: 87.958 €.

-Eixe de muller: 125.000 €.

3. Se, como resultado da presentación de solicitudes e das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, algún dos eixes subvencionables non resultase cuberto na totalidade da contía prevista anteriormente, poderase proceder a unha redistribución da contía non cuberta entre todos ou algúns dos eixes restantes.

4. As asignacións orzamentarias poderán ser incrementadas de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, debendo, neste suposto, distribuírse por eixes.

#### Artigo 4º.-Accións subvencionables e contía da axuda.

1. A contía concreta e certa da subvención determinarase en cada caso tendo en conta o custo do proxecto presentado obxecto de subvención e da aplicación dos criterios de valoración establecidos nesta resolución, podendo alcanzar o 100% do investimento aqueles proxectos que obtivesen o máximo número de puntos previstos no artigo 6, de acordo co número de entidades beneficiarias e as dispoñibilidades orzamentarias.

2. Poderán subvencionarse con cargo a esta resolución os gastos correntes, incluídos os custos indirectos de acordo co artigo 29.9º da Lei de subvencións de Galicia, e os gastos de equipamento que se lles orixinen ás entidades a que se lles conceda a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 5.

En ningún caso serán subvencionables ao abeiro desta convocatoria os gastos de adquisición de bens inmóviles e os gastos derivados da constitución de hipotecas.

3. O órgano competente, de ser o caso, procederá á distribución entre os beneficiarios do importe global máximo destinado ás subvencións.

#### Artigo 5º.-Eixes e programas subvencionables.

Con cargo a esta resolución só poderán subvencionarse proxectos e accións referidos aos eixes e programas que se detallan a continuación:

##### 1. Eixe de acollida.

###### 1.a) Programa de acollida.

Este programa terá por obxecto a realización de proxectos de introdución á sociedade de acollida, accións de derivación a servizos públicos de carácter xeral, ensinanza das linguas da sociedade de acollida e itinerarios de inserción.

1.b) Programa de acollida especializada para persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Este programa inclúe aloxamento e manutención ademais das actuacións recollidas no punto anterior ou outras requiridas pola súa especial situación, de acordo coa súa situación social acreditada e dentro dun programa individual de inserción.

##### 2. Eixe de saúde.

2.a) Apoio a programas de promoción da saúde e asistencia ás necesidades específicas da poboación inmigrante.

Este programa terá por obxecto facilitar o acceso da poboación inmigrante á prevención e promoción da saúde mediante a realización de accións preventivas e socio-educativas.

##### 3. Eixe de muller.

3.a) Apoio ao acceso normalizado das mulleres inmigrantes en programas dirixidos á poboación en xeral e a programas específicos para mulleres.

As actuacións que se enmarquen dentro deste programa irán dirixidas exclusivamente a mulleres inmigrantes da nosa comunidade autónoma: educación de adultos, formación profesional, cursos de habilidades sociais, inserción laboral e educación para a saúde.

3.b) Actuacións dirixidas a facilitar a integración social das mulleres inmigrantes que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade.

Entre as accións que se desenvolverán dentro deste programa inclúense aquelas destinadas a proporcionar información e asesoramento, inserción social e laboral, accións formativas, educación para a saúde e aprendizaxe de habilidades sociais, entre outras.

#### Artigo 6º.-Criterios para a concesión das axudas.

1. A comisión de avaliación propondrá tanto as entidades beneficiarias, como a contía da subvención que se conceda a cada unha delas, en función dos seguintes criterios de valoración:

1.1. Calidade xeral do programa: valorarase o interese xeral, o contido técnico do programa e a súa adecuación aos obxectivos propostos, a descrición das actuacións concretas que se vaian desenvolver e o seu carácter innovador, incorporación de prazas de aloxamento, así como a inclusión da perspectiva de xénero e igualdade de trato (ata 70 puntos).

1.2. Accións no ámbito da inmigración: terase en conta o desenvolvemento no ano 2008 por parte da entidade de accións no ámbito da inmigración (ata 10 puntos).

1.3. Ámbito territorial de aplicación do programa e os seus potenciais beneficiarios (ata 10 puntos).

1.4. Participación doutras entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento e execución dos proxectos (ata 10 puntos).

1.5. Emprego da lingua galega na realización das actividades (ata 5 puntos).

2. Se unha actuación ou proxecto concreto para o que se solicita a subvención encaixase nun eixe ou programa distinto do indicado pola entidade solicitante, o órgano competente poderá situar a dita actuación naquel eixe ou programa dos reflectidos no artigo 5 que resulte máis favorable para a concesión da subvención.

3. Na concesión das subvencións, a comisión de valoración terá en conta a existencia ou subvención de servizos ou actividades que cubran os mesmos eixes subvencionables no mesmo ámbito territorial ou subxectivo, realizadas polas entidades solicitantes da subvención ou por outras entidades.

4. Na resolución de concesión da subvención para prazas de aloxamento poderá establecerse que a entidade conte cun máximo do 10% de prazas dispoñibles para casos de urxente necesidade ou situacións especiais.

5. Como consecuencia da aplicación dos criterios de valoración previstos neste artigo, as entidades que resulten beneficiarias poderán recibir unha contía certa de subvención que poderá ser o custo total ou parcial dos previstos no orzamento total presentado coa solicitude, sen que en ningún caso se supere este. A comisión poderá, en canto á calidade do programa, establecer un mínimo de puntuación a partir do cal non se valoren os proxectos por considerarse que non se adecuan á calidade exixida nas bases e, en todo caso, para poder ser obxecto de subvención deberán alcanzarse como mínimo 20 puntos como suma dos puntos obtidos na valoración dos criterios.

#### Artigo 7º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas dirixiranse á Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños, 2; 15704 Santiago de Compostela. A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Ao abeiro desta convocatoria de subvencións só poderá presentarse unha única solicitude por entidade, no suposto de presentar varias solicitudes estas consideraranse e tramitaranse como unha única solicitude.

3. De acordo co establecido no artigo 50 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, o prazo de presentación será dun mes con-

tado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo co anterior, e sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte, o último día do prazo será o equivalente do mes seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. No caso de que o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

#### Artigo 8º.-Documentación.

1. As solicitudes presentaranse segundo o modelo establecido como anexo I a esta resolución, debendo relacionarse nel todos os proxectos para os que a entidade solicita a subvención indicando, expresamente, o eixe e o programa do artigo 5 en que se incardinarian. Non se poderá presentar un mesmo proxecto ou acción que se incardine en máis dun programa.

No suposto de erro na indicación do programa dentro dun mesmo eixe, procederáse á súa corrección de oficio pola Administración.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou copia debidamente compulsada:

- a) Acreditación da identidade e da capacidade de representación do asinante da solicitude.
- b) Estatutos da entidade debidamente legalizados.
- c) Acreditación do requisito de inscrición da entidade no rexistro correspondente, de acordo co sinalado no artigo 2 desta resolución.
- d) Tarxeta de identificación fiscal.
- e) Declaración de axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas, Unión Europea ou calquera outro ente público ou privado, segundo modelo recollido no anexo II.
- f) Ficha de solicitude de transferencia bancaria de acordo co modelo do anexo III.
- g) Memoria da entidade segundo modelo recollido no anexo IV.
- h) Memoria de cada un dos programas para os que se solicita a subvención, de acordo co contido do artigo 5 desta resolución e onde se indicará o orzamento de gastos previsto.
- i) Fichas explicativas do programa e das actividades de acordo co modelo recollido no anexo V.
- j) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e declaración acreditativa de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo VI, excepto nos supostos de gastos de equipamen-

to que superen os 3.000 euros, que deberá acreditar-se necesariamente por medio de certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá ao interesado, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños, 2; 15704 Santiago de Compostela) e na páxina web galiciaaberta.com, para que, nun prazo máximo de dez días hábiles contados a partir do da publicación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, entenderase por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei 30/1992. Igualmente, procederá a súa comunicación ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude e, entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, debe significarse que o prazo de dez días para emendar a falta ou achegar os documentos compútase desde a publicación do requirimento e non desde a súa comunicación.

*Artigo 9º.-Xustificación de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas coa Administración autonómica.*

Quedan exentos/as de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro os/as beneficiarios/as das subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro e das subvencións que non superen os 3.000 euros individualmente e se concedan con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo VII, Transferencias de capital, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro, debendo nestes supostos acreditar o seu cumprimento mediante declaración responsable.

Non obstante o anterior, e salvo que xunto á solicitude de axuda se incorpore declaración do representante da entidade en que denegue expresamente o consentimento, e para o suposto de non achegarse a declaración prevista no parágrafo anterior, a presentación das solicitudes comportará a autorización ao órgano xestor para que este poida solicitar as certificacións necesarias que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, debendo acreditarse este extremo antes da proposta de resolución segundo o artigo 11 e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e para a realización dos pagamentos da subvención concedida.

*Artigo 10º.-Procedemento de concesión da subvención.*

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan mediante esta resolución axustarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de desenvolvemento e aplicación. As solicitudes someteranse a un réxime de concorrencia competitiva tal como recolle a Lei de subvencións de Galicia no seu artigo 19.

2. Correspóndelle á Secretaría Xeral da Emigración a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, sempre de acordo coa existencia de disponibilidades orzamentarias. Para isto, crearase unha comisión de avaliación, que ademais será órgano instructor, presidida polo/a subdirector/a xeral de Xestión de Programas do Retorno e a Inmigración, ou persoa en que delegue, e composta polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do Servizo de Programas e Atención Integral.

-O/a xefe/a do Servizo de Información e Tramitación de Subvencións.

-Un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación, poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

3. Con carácter previo á valoración, a comisión poderá determinar aqueles eixes e programas dos recollidos no artigo 5 en que deben ser incardinados os proxectos ou actuacións presentados pola entidade, con independencia do indicado na solicitude. Os expedientes serán avaliados pola comisión segundo os criterios establecidos no artigo 6. Posteriormente, a comisión elaborará unha proposta de concesión, a través da Subdirección Xeral de Xestión de Programas do Retorno e a Inmigración, que se presentarán ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias.

*Artigo 11º.-Resolución.*

1. A competencia para resolver esta resolución de axudas corresponde ao secretario xeral da Emigración, que poderá realizalo por eixes, cos límites establecidos no artigo anterior.

2. As resolucións do secretario xeral da Emigración serán notificadas aos interesados. A Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía igual ou superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade para a cal se outorga a axuda.

O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses, que comezarán a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de*

*Galicia.* Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen e notificasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, nun prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou nun prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nun prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou nun prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As entidades solicitantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das

axudas concedidas, polo que, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### Artigo 12º.-*Aceptación da subvención.*

No suposto de que a entidade non acepte a subvención concedida, deberá comunicarllo á Secretaría Xeral da Emigración no prazo máximo de dez días, contados a partir da notificación da resolución.

No caso de renuncias por parte das entidades ás subvencións concedidas, poderanse ditar novas resolucións en función das disponibilidades orzamentarias derivadas das renuncias, sempre que existan entidades que, cumprindo os requisitos, non obtivesen a puntuación suficiente, en aplicación dos criterios de valoración, para ser beneficiarias da subvención.

#### Artigo 13º.-*Obrigas das entidades subvencionadas.*

1. Os beneficiarios destas axudas deberán:

a) Cumprir coa finalidade que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, as actuacións que se subvencionen deberanse realizar antes da finalización do prazo de xustificación establecido no artigo 14 desta resolución.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade e o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinen a concesión da axuda ou subvención.

c) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información, a condición de entidade subvencionada polo Ministerio de Traballo e Inmigración e a Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos segundo os modelos establecidos no anexo VIII desta resolución.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que considere oportunas a Secretaría Xeral da Emigración e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas segundo a lexislación vixente na materia, facilitando o seu labor de fiscalización e control.

e) As entidades beneficiarias da axuda deberán informar inmediatamente a Subdirección Xeral de Xestión de Programas do Retorno e a Inmigración sobre calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada.

2. Todos os proxectos ou accións obxecto de subvención a través desta resolución pasarán a formar parte do Mapa de Recursos Migratorios. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán informar a Secretaría Xeral da Emigración de todas as actuacións e calquera outra información solicitada en relación coa xestión da subvención concedida co fin de que esta poida dar a difusión que considere oportuna por calquera medio, incluída a súa páxina web galiciaaberta.com. O incumprimento do anterior poderá dar lugar á perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención ou a existencia do seu reintegro.

3. Os beneficiarios quedan obrigados a facilitar, á Secretaría Xeral da Emigración, o exame das actividades tanto na súa execución como con posterioridade ao seu remate, así como toda aquela información que lles sexa requirida, para o que garantirá o acceso dos representantes da Secretaría Xeral ao lugar das accións, ás contas e demais documentación que se considere oportuna.

*Artigo 14º.-Forma de xustificación e pagamento das subvencións.*

1. As entidades subvencionadas quedan obrigadas a xustificar os gastos correspondentes á aplicación da subvención concedida.

2. Poderán xustificarse con cargo á subvención recibida os gastos que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2009 e con anterioridade á finalización do prazo de xustificación recollido neste artigo.

3. Poderán efectuarse pagamentos parciais, logo de xustificación, á conta da liquidación definitiva, de ata o máximo do 80% do importe da subvención concedida.

4. Será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición dos pagamentos parciais de subvencións de capital cando a contía do pagamento supere os 18.000 euros, entendendo este importe referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados.

5. Para a xustificación, tanto parcial como final, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a) Certificación do/a secretario/a da entidade beneficiaria, co visto e prace do/a seu presidente/a, en que conste a denominación do eixe, programa, proxecto e actividades realizadas, contía do gasto así como a súa imputación aos fins para os que foi concedida a subvención. O gasto realizado considérase o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, salvo que por causas xustificadas se efectuase o pagamento con posterioridade, debendo xustificarse este unha vez realizado.

b) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estes documentos deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente compulsada. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerárase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con fotocopias dos documentos bancarios de cargo en que conste o cambio empregado.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a

xustificación do pagamento debese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibo do provedor.

Poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros sempre que os ditos gastos se efectúen no ámbito do comercio retalista ou de empresas prestadoras de servizos a usuarios finais, ou sexan unha práctica común ou habitual no tráfico económico.

c) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade ou actividades, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e, se for o caso, a data de pagamento.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

e) No suposto de compatibilidade con outras axudas, deberá achegarse certificación da entidade na que conste que a suma de todas as axudas recibidas non supera o custo total dos proxectos, debendo certificarse igualmente a procedencia dos fondos, o seu importe, xustificación e aplicación.

f) Declaración acreditativa de acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo VI, agás no suposto de gastos de equipamento que superen os 3.000 euros, que deberá acreditarse necesariamente por medio de certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes.

6. A xustificación final da subvención deberá ir acompañada, ademais do establecido no punto anterior, dunha memoria técnica xustificativa da aplicación da subvención concedida e explicativa da execución de cada programa e proxecto, de acordo co modelo especificado no anexo VII.

7. Todas as axudas de carácter directo concedidas deberán gardar relación co programa obxecto de subvención e de acordo coa situación social acreditada da persoa e dentro dun programa individual de inserción, debendo cumprirse os principios de obxectividade e transparencia.

8. En caso de concesión dunha subvención para gastos de equipamento por importe superior a 12.000 euros, os beneficiarios deberán solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben salvo que, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. No suposto de que as ofertas presentadas non se achegasen na solicitude da subvención, deberán achegarse coa

xustificación, e, en todo caso, deberá xustificarse expresamente nunha memoria á elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, tal como se recolle no anexo VII.

9. O prazo de xustificación e entrega da totalidade da documentación será ata o 16 de novembro de 2009, agás no suposto de prazas de aloxamento, no cal o prazo de xustificación e entrega da documentación, no que respecta a estas, será ata o 1 de decembro de 2009.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

10. De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se alcanzase a súa finalidade, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega ata o importe xustificado.

Non se considerará que incorre en incumprimento a entidade beneficiaria que realice parcialmente a actividade que é obxecto da subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

11. A Secretaría Xeral da Emigración, en todo momento, poderá solicitar calquera outra documentación que considere oportuna para a xustificación da subvención, incluída unha memoria económica e técnica dos proxectos executados ou información estatística.

12. O importe da subvención concedida será transferido á conta bancaria da que sexa titular a entidade beneficiaria e así se acredite mediante certificación bancaria segundo o modelo establecido no punto correspondente do anexo desta resolución.

13. De acordo con artigo 57 do Decreto 11/2009, a comprobación formal para a liquidación da subvención poderá limitarse aos documentos establecidos nos puntos 5.c), d), e) e 6 deste artigo. Neste suposto a revisión das facturas ou documentos de valor probatorio análogo que, se é o caso, formen parte da conta xustificativa deberán ser obxecto de comprobación nos catro anos seguintes.

#### Artigo 15º.-*Compatibilidade das axudas.*

As axudas concedidas en virtude desta resolución serán compatibles con outras, calquera que sexa a súa natureza, administración ou entidade que llas conceda, agás das derivadas de convenios subscritos coa Secretaría Xeral da Emigración para a mesma finalidade e, en todo caso, tendo en conta que a suma de todas elas non poderá superar o custo total da actividade subvencionable. Para a determinación do cumprimento deste requisito, o beneficiario da axuda deberá informar no momento da solicitude e ao longo do ano 2009 de todas as axudas e subvencións que para o mesmo fin perciba de calquera entidade pública ou privada.

#### Artigo 16º.-*Modificación da resolución de concesión.*

As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das actividades, podendo a Secretaría Xeral da Emigración adoptar a resolución de modificación da concesión que corresponda de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17º.-*Reintegro.*

Procederá a apertura de expediente para o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a existencia dos xuros de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18º.-*Requirimentos.*

De acordo co artigo 60 da Lei 30/1992, a realización dos requirimentos que procedan poderanse efectuar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web galiciaaberta.com

A eficacia dos citados requirimentos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude e, entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, debe significarse que os prazos de dez días computaranse desde a publicación dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

#### Artigo 19º.-*Instrucións e aclaracións.*

A Secretaría Xeral da Emigración poderá ditar as instrucións e aclaracións precisas para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

#### Artigo 20º.-*Normativa de aplicación.*

En todo o demais, será de aplicación a lexislación básica do Estado sobre subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de desenvolvemento e aplicación.

#### Artigo 21º.-*Recursos contra esta resolución.*

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas  
Secretario xeral da Emigración





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Emigración

## ANEXO I

PROCEDIMIENTO <b>SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE ACOLLIDA E INTEGRACION DA POBOACION INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA NA COMUNIDADE AUTONOMA GALEGA DURANTE O ANO 2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMIENTO  <b>PR907B</b>	DOCUMENTO  <b>SOLICITUDE</b>
--	--	------------------------------------

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
[ ]		[ ]
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
[ ]		[ ]
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
[ ]	[ ]	[ ]
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
[ ]	[ ]	[ ]

## DATOS DO/A REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
ENDEREZO		PROVINCIA	
[ ]		[ ]	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
[ ]	[ ]	[ ]	
ENDEREZO ELECTRÓNICO DO RESPONSABLE DO PROGRAMA			
[ ]			

## DECLARACIÓN

A entidade solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que son certos os datos consignados nesta solicitude e acepto, como representante da entidade que se indica, someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite, de ser o caso, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta secretaría como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 27 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [ ] REVISADO E CONFORME [ ]	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO SOLICITANTE  <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Secretario xeral da Emigración

Rúa dos Basquiños nº 2 - 15704 Santiago de Compostela

**EIXES E PROGRAMAS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN\***

A) EIXE	B) PROGRAMA	C) PROXECTO OU ACTUACIÓN	D) CONTÍA SOLICITADA		E) OUTRAS ACHEGAS (Propias ou doutra/s entidade/s)	F) CUSTO TOTAL DO PROGRAMA
			GASTOS CORRENTES	GASTOS EQUIPAMENTO**		
<b>TOTAIS</b> A suma da alínea D e E deberá ser igual á contía da alínea F						

\* Pode continuar en folia á parte.

\*\* Para gastos superiores a 12.000 € deberá solicitar como mínimo tres ofertas de distintos provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á solicitude da subvención (artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

**ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ANO 2008 NO ÁMBITO DA INMIGRACIÓN**

ACCIÓN	OBXECTO	COLECTIVO	ORZAMENTO

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE** (marcar cun x o que corresponda)

Acreditación da identidade e da capacidade de representación do asinante da solicitude	<input type="checkbox"/>
Fotocopia cotexada dos estatutos da entidade debidamente legalizados	<input type="checkbox"/>
Acreditación do requisito de inscrición no rexistro correspondente (segundo o sinalado no artigo 2º)	<input type="checkbox"/>
Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade	<input type="checkbox"/>
Declaración de axudas (ANEXO II)	<input type="checkbox"/>
Ficha de solicitude de transferencia bancaria (ANEXO III)	<input type="checkbox"/>
Memoria da entidade (ANEXO IV)	<input type="checkbox"/>
Memoria de cada un dos programas	<input type="checkbox"/>
Fichas explicativas do programa e das actividades (ANEXO V)	<input type="checkbox"/>
Declaración de non estar incurso a entidade na prohibición de obter a condición de beneficiario e de acharse ao día no cumprimento de obrigas económicas coas administracións públicas e coa Seguridade Social(ANEXO VI)	<input type="checkbox"/>

## ANEXO II

**DECLARACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS  
SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE  
PÚBLICA OU PRIVADA**

ENTIDADE	DESCRICIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE

\* C/S, indicarse se foi concedida (C) ou solicitada (S).

NON FORON SOLICITADAS NIN CONCEDIDAS OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS

Lugar e data

\_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

## ANEXO III

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR/ES DA CONTA BANCARIA		CIF	
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

**CERTIFICO:**  
Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

\_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

SINATURA E SELO DA ENTIDADE BANCARIA

*ANEXO IV*

**MEMORIA DA ENTIDADE**

DATA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE	<input type="text"/>
ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN	<input type="text"/>
FINS DA ENTIDADE	<input type="text"/>

**ESTRUTURA E CAPACIDADE DE XESTIÓN**

INMOBLES PROPIOS, ARRENDADOS OU CEDIDOS	
INMOBLE: <input type="text"/>	RÉXIME XURÍDICO: <input type="text"/>
MOBILIARIO, EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS, ETC. <input type="text"/>	

**MEDIOS PERSOAIS**

PERSONAL CONTRATADO	
POSTO DE TRABALLO: <input type="text"/>	SITUACIÓN (FIXO, TEMPORAL, EVENTUAL, ETC.) <input type="text"/>
PERSONAL VOLUNTARIO	
NÚMERO E TRABALLO DESENVOLVIDO: <input type="text"/>	
ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS QUE FAVOREZAN A INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA <input type="text"/>	

\*Pode continuar en folia á parte

## ANEXO V

**FICHA EXPLICATIVA DO PROGRAMA**  
**(Deberá achegarse unha memoria por cada programa que se vaia desenvolver)**

DENOMINACIÓN DO EIXE				
<input type="text"/>				
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA				
<input type="text"/>				
ENTIDADE				
<input type="text"/>				
RESPONSABLE DO PROGRAMA				
<input type="text"/>				
TEL. DE CONTACTO		CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		
BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO E A XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA				
<input type="text"/>				
OBXECTIVOS				
<input type="text"/>				
<b>ORZAMENTO PREVISTO</b>				
ACHEGA PROPIA	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN		OUTRAS ACHEGAS	TOTAL DO PROGRAMA
<input type="text"/>	GASTOS CORRENTES	GASTOS EQUIPAMENTO	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
<b>RECURSOS NECESARIOS</b>				
RECURSOS HUMANOS	Propios	<input type="text"/>	Voluntarios	<input type="text"/>
OUTROS RECURSOS E INFRAESTRUTURAS				
<input type="text"/>				
PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA				
<input type="text"/>				
<b>RELACIÓN DE ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVERÁN DENTRO DO PROGRAMA</b>				
Nº DE FICHA	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE			
1	<input type="text"/>			
2	<input type="text"/>			
3	<input type="text"/>			
4	<input type="text"/>			
5	<input type="text"/>			
6	<input type="text"/>			
7	<input type="text"/>			
8	<input type="text"/>			
9	<input type="text"/>			
10	<input type="text"/>			
OBSERVACIÓNS				
<input type="text"/>				

**FICHA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE**  
(Deberá achegarse unha ficha por cada actividade que se vaia desenvolver)

EIXE <input style="width:100%;" type="text"/>				
PROGRAMA <input style="width:90%;" type="text"/>			<input style="width:100%;" type="text"/>	
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:90%;" type="text"/>			NÚMERO DE FICHA <input style="width:100%;" type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>				
ÁMBITO E LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>				
COLECTIVO/S A QUE VAI DIRIXIDO <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>				
TIPOLOXÍA DOS DISPOSITIVOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>				
TIPOLOXÍA DAS ACCIÓNS <input style="width:100%; height: 30px;" type="text"/>				
DATA INICIO PERÍODO DE EXECUCIÓN <input style="width:90%;" type="text"/>			DATA FIN PERÍODO DE EXECUCIÓN <input style="width:90%;" type="text"/>	
<b>CUSTO DA ACTIVIDADE</b>				
ACHEGA PROPIA <input style="width:100%;" type="text"/>	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN GASTOS CORRENTES <input style="width:100%;" type="text"/> GASTOS EQUIPAMENTO <input style="width:100%;" type="text"/>		OUTRAS ACHEGAS <input style="width:100%;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:100%;" type="text"/>
NÚMERO PRAZAS ALOXAMENTO <input style="width:100%;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Existentes <input style="width:100%;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Nova creación <input style="width:100%;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:100%;" type="text"/>	
NÚMERO DE ACCIÓNS <input style="width:100%;" type="text"/>				
NÚMERO DE BENEFICIARIOS TOTAL	HOMES <input style="width:100%;" type="text"/>	MULLERES <input style="width:100%;" type="text"/>	TOTAL <input style="width:100%;" type="text"/>	

*ANEXO VI*

**DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO E DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS ECONÓMICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

Don/Dona  , con DNI  , solicitante dunha subvención en representación do/a  , para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación extracomunitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**IGUALMENTE DECLARO:**

Que a entidade solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

## ANEXO VII

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA**  
**(Deberá achegarse unha memoria por cada programa desenvolvido)**

DENOMINACIÓN DO EIXE				
<input type="text"/>				
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA				
<input type="text"/>				
ENTIDADE				
<input type="text"/>				
RESPONSABLE DO PROGRAMA				
<input type="text"/>				
TEL. DE CONTACTO		CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		
BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO				
<input type="text"/>				
OBJECTIVOS E DESVIACIÓN RESPECTO DOS INICIALMENTE PREVISTOS				
<input type="text"/>				
<b>ORZAMENTO EXECUTADO</b>				
ACHEGA PROPIA	ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN		OUTRAS ACHEGAS	TOTAL DO PROGRAMA
<input type="text"/>	GASTOS CORRENTES	GASTOS EQUIPAMENTO	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
<b>RECURSOS UTILIZADOS</b>				
HUMANOS				
<input type="text"/>				
OUTROS RECURSOS E INFRAESTRUTURAS				
<input type="text"/>				
<b>RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENTRO DO PROGRAMA</b>				
Nº DE FICHA	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE			
1	<input type="text"/>			
2	<input type="text"/>			
3	<input type="text"/>			
4	<input type="text"/>			
5	<input type="text"/>			
6	<input type="text"/>			
7	<input type="text"/>			
8	<input type="text"/>			
9	<input type="text"/>			
10	<input type="text"/>			
CONCLUSIÓNS				
<input type="text"/>				

**FICHA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE**  
(Deberá achegarse unha ficha por cada actividade desenvolvida)

EIXE				<input style="width:100%;" type="text"/>			
PROGRAMA				<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>	
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE				NÚMERO DE FICHA			
<input style="width:100%;" type="text"/>				<input style="width:100%;" type="text"/>			
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE							
<input style="width:100%;" type="text"/>							
ÁMBITO E LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE							
<input style="width:100%;" type="text"/>							
COLECTIVO A QUE SE DIRIXIU							
<input style="width:100%;" type="text"/>							
TIPOLOXÍA DOS DISPOSITIVOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE							
<input style="width:100%;" type="text"/>							
TIPOLOXÍA DAS ACCIÓNS							
<input style="width:100%;" type="text"/>							
No caso de subvencións para a subministración de bens de equipamento superiores a 12.000 euros indíquense as ofertas dos distintos provedores solicitadas para a súa adquisición:							
<input style="width:100%;" type="text"/>							
No caso de que a elección non recaese na proposta economicamente máis vantaxosa deberá achegarse memoria xustificativa da elección feita entre as ofertas presentadas.							
DATA INICIO PERÍODO DE EXECUCIÓN				DATA FIN PERÍODO DE EXECUCIÓN			
<input style="width:100%;" type="text"/>				<input style="width:100%;" type="text"/>			
<b>CUSTO DA ACTIVIDADE</b>							
ACHEGA PROPIA		ACHEGA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN		OUTRAS ACHEGAS		TOTAL	
<input style="width:100%;" type="text"/>		GASTOS CORRENTES <input style="width:100%;" type="text"/> GASTOS EQUIPAMENTO <input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>	
NÚMERO PRAZAS ALOXAMENTO	TEMPO MEDIO DE ESTADÍA EN DÍAS		<input type="checkbox"/> Existentes <input style="width:100%;" type="text"/>		<input type="checkbox"/> Nova creación <input style="width:100%;" type="text"/>		TOTAL
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>
NÚMERO DE ACCIÓNS		<input style="width:100%;" type="text"/>					
NÚMERO DE BENEFICIARIOS		HOMES		MULLERES		TOTAL	
<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>	
IDADE (ANOS)	HOMES		MULLERES		TOTAL		
MENOS DE 5	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 6 A 11	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 12 A 15	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 16 A 17	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 18 A 25	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 26 A 30	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 31 A 45	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
DE 45 A 65	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
MÁIS DE 65	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
NACIONALIDADE	HOMES		MULLERES		TOTAL		
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>		



**FICHA PARA AS ACTUACIÓNS NO EIXE DE ACOLLIDA COMPLEMENTARIA DA FICHA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE**

Nº de usuarios atendidos derivados a servizos públicos de carácter xeral	HOMES <input type="text"/>
	MULLERES <input type="text"/>
Taxa de derivación a eses servizos públicos (% sobre o total de atendidos)	<input type="text"/>

*ANEXO VIII*

**LOGOTIPOS**

Ministerio de Trabajo e Inmigración



Secretaría Xeral da Emigración



**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

*Resolución do 11 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, sobre a validez dos sistemas para realizar as probas de estanquidade de tanques de produtos petrolíferos sinaladas no punto 38 da MI-IP03 e no punto 39 da MI-IP04.*

O 22-10-1999 publicouse o Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP03, aprobada polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP04, aprobada polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro.

Nas devanditas IP sinalábase que os sistemas para realizar as probas de estanquidade tiñan que garantir a detección dunha fuga de 100 ml/h e tiñan que estar avaliados co procedemento indicado no informe UNE 53.968. Indicábase ademais que os laboratorios de ensaio que realizasen as avaliacións tiñan que estar acreditado de acordo co Real decreto 2200/1995.

Tendo en conta que no momento de entrada en vigor das IP non existía en España ningún laboratorio acreditado, a Comunidade Autónoma de Galicia, así como

o resto das comunidades autónomas, empezaron a resolver a autorización dos sistemas existentes no mercado, sempre de xeito provisional mentres non existise un laboratorio acreditado para realizar as avaliacións. Isto tendo en conta que, aínda que non cumprían co establecido polo real decreto, este incumprimento non era atribuíble á deficiencia técnica dos sistemas senón á devandita falta de laboratorio acreditado.

Esta situación cambiou cando a ENAC acreditou o 24-5-2007 o laboratorio *ICIM LAB, S.L.* para a realización de ensaios de sistemas de verificación de estanquidade e detección de fugas en tanques soterrados de produtos petrolíferos líquidos.

Tendo en conta a nova situación e a capacidade limitada do novo laboratorio, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e as comunidades autónomas estableceron dar ás empresas afectadas un prazo de tempo para que o novo laboratorio avaliase os seus sistemas, prazo que, aínda que inicialmente foi de 3 meses, na realidade se for estendendo no tempo, pero debe finalizar.

De acordo con todo o que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

**RESOLVO:**

Establecer que os únicos sistemas válidos na Comunidade Autónoma de Galicia para realizar as probas de estanquidade sinaladas no punto 38 da MI-IP03 e no punto 39 da MI-IP04 sexan aqueles avaliados co procedemento indicado no informe